

## Concello de Viveiro

### PROCESO PARA A SELECCIÓN DE UN XEFE DE BRIGADA, QUE PRESTARÁ SERVIZOS TEMPORAIS NO CONCELLO DE VIVEIRO, AO AMPARO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2022. EXPTE.: 4362/2022.

Visto o punto 3 das bases específicas da brigada contra incendios 2022, que literalmente di: “(...) **REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

*Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida para cada posto.*

*Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.*

*De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se decretará ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.*

*Os aspirantes deberán realizar un curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais, en caso de non superar dito curso o aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación. Viveiro, á data que consta á marxe...”*

Tendo en conta os resultados das probas físicas de esforzo, recoñecementos médicos e o curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais dos aspirantes que se presentaron as probas físicas de esforzo, que constan no expediente.

#### A) ASPIRANTE SELECCIONADO:

Tendo en conta que Dna. María Elena Rivera Rodríguez foi a única aspirante que superou os requisitos establecidos no punto 3 das bases específicas, segundo consta no expediente.

O Tribunal designado por Resolución de Alcaldía de data 20 de xullo de 2022, acorda por unanimidade propoñer a única aspirante seleccionada:

Nome e Apelidos
María Elena Rivera Rodríguez

#### B) PROPOSTA DE SELECCIÓN (Base Xeral 12)

O Tribunal, á vista da lista do aspirante seleccionado acorda, formular proposta de selección ante a Alcaldía do Concello de Viveiro a favor de **DNA. MARIA ELENA RIVERA RODRÍGUEZ** para prestar servizos de xefe de brigada no Concello de Viveiro como persoal laboral temporal sendo a modalidade de contrato de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto- Lei 32/2021 (Modelo 406).

#### E) PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

A aspirante proposta deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a documentación que se sinala na Base Xeral 13 no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta do Tribunal no Taboleiro de Anuncios Dixital do Concello de





## Concello de Viveiro

---

Viveiro.

Viveiro, á data que consta á marxe.

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

Asdo. Jose Vivero Russo

***(Documento asinado dixitalmente á marxe)***

A PRESIDENTE DO TRIBUNAL,

Asdo. María Luz Balsa Rábade

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

